

SAL. 03/2015 AS 04/15 10:50

Á vista do escrito de don Lotario Vilaboy Lois, Director da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Master Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e Intervención Social impartido na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

- Considerando que a Escola de Práctica Xurídica arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.
- Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Master coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

#### RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado do Master Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e Intervención Social nas instalacións da Escola de Práctica Xurídica que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- A duración destas prácticas será de catro horas que se computarán dentro dos seis créditos da materia P3291211- "Prácticas externas xurídico-forenses",
- As prácticas realizaranse durante as sesións de simulacións de xuízos e vistas que se leven a cabo nas actividades formativas que imparte e/or nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica.
- A dirección da Escola de Práctica Xurídica realizará coa suficiente antelación e para cada curso académico, a correspondente planificación das simulacións de actuacións procesuais nas que poidan intervir os alumnos da materia P3291211- "Prácticas externas xurídico-forenses".
- Os contidos das prácticas consistirán na aceptación da aceptación da designación, elaboración de un dictamen pericial psicolóxico, emisión e ratificación do dictamen, e intervención no acto do xuízo e na vista, conforme as normas procesuais reguladoras da proba pericial propias de cada orde xurisdiccional.
- A Escola de Práctica Xurídica non realizará funcións de titorización profesional nin académica, sendo o titor/a académico asignado/a na materia P3291211- "Prácticas externas xurídico-forenses", o encargado de avaliar e titorizar estas prácticas.

- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica do Máster, de acordo coa Dirección da Escola de Práctica Xurídica, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Master nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos/as.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/a.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, a Dirección da Escola de Práctica Xurídica emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2015

O REITOR



Lotario Vilaboy Lois

SR. LOTARIO VILABOY LOIS

SR. RAMÓN ARCE FERNÁNDEZ (Coordinador Master)

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA